

## ***INAUGURACIÓN DUNHA EXPOSICIÓN DE PINTURA DE XOSÉ VÁZQUEZ CASTRO***

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo organiza o próximo venres 6 de marzo de 2009, ás 20.30 h, na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” dos Muíños de Acea de Ama (O Burgo – Culleredo), o acto de inauguración dunha exposición de pintura do artista Xosé Vázquez Castro.

No transcurso do acto tomarán a palabra Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo, Carlos Pereira Martínez, historiador, e o artista.

A exposición permanecerá aberta ao público do 6 ao 31 de marzo de 2009, co seguinte horario:

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.

Sábados: de 12.00 a 14.00 e de 16.00 a 20.00 h.

Neste mes de marzo, no que chega a primavera, a Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” acolle unha fermosa exposición dun artista de xa dilatada traxectoria, Xosé Vázquez Castro. Un pintor que, lonxe de permanecer recluído no seu estudo, alleo á vida social, foi quen tamén de poñer en marcha, con outros artistas, a Asociación de Artistas Plásticos Galegos (ARGA), presidindo a entidade varios anos.

Hai uns meses, tiven ocasión de compartir con el, e outros pintores, unha enriquecedora experiencia en Alemaña. Varios dos cadros nos que o noso amigo traballou neses lares poderémolos contemplar nesta exposición en Culleredo, así como outros representativos da súa liña de traballo pictórico.

### **Datos biográficos**

Xosé Vázquez Castro nace en Ferrol en 1951, fillo do pintor Vázquez Doce, residindo na actualidade en Brión. En 1969 realiza a súa primeira exposición na Coruña, á que seguirán outras por diversas vilas de Galicia e España. En 1979 afíncase en Madrid, expoñendo na galería madrileña “Bercowitsch” e na compostelana “Torques”, e formándose coma escenógrafo co director Santiago Doria e o dramaturgo Jaime Salón.

En 1981 trasládase a Ferrol e expón na Institución Cultural “El Brocense” (Cáceres). Ao ano seguinte viaxa a Venezuela, realizando exposicións na Embaixada española (Caracas) e nas galerías “Arboreda” (Ferrol) e “Nova Rúa” (Lugo). En 1983 a galería “Citania” de Santiago publícalle a carpeta *Catro Acuarelas*.

En 1984, xa residindo en Compostela, participa nunha colectiva no Festival Interceltique de Lorient (Francia), e realiza unha escenografía, para Teatro “Itaca” (no 2001 preparará outra para “Ditea Teatro”). Ao ano seguinte, 1985, expón no Museo

“Valle-Inclán” (Pobra do Caramiñal) e no Hotel “Finisterre” (A Coruña), e ve a luz a carpeta de grabados *Lembranzas*; en 1988 expón na Sala de Durán Loriga (A Coruña), en 1989 no Museo “Bello Piñeiro” (Ferrol) e no Casino (Ferrol) e no 2000 participa na colectiva *Tres Xeracións* (Ferrol) e expón na Galería “José Lorenzo” (Santiago).

No ano 2002 é dos fundadores da Asociación de Artistas Plásticos Galegos, que presidirá ata 2008. Nestes últimos anos participa en diversas Feiras das Artes Plásticas, no XII Simposio Nacional de Acuarela (Santiago, 2004), na exposición *O mar*, na “Volvo Ocean Race” (Sanxenxo, 2005), e nas edicións dos “Encontros coa Pintura e a Poesía” organizados pola Deputación da Coruña (2005-2007) e o Concello de Culleredo (2008), comisariando os do Concello de Brión (2006-2008). É convidado, con outros artistas galegos, polo Centro “Cultur Modell” de Passau (Alemania).

Posúen obra súa institucións e entidades, entre outras, como a Xunta de Galicia, Fundación Semana Verde de Galicia, Caixanova, “El Correo Gallego”, Museo “Carlos Maside”, Círculo das Artes de Lugo, Concellos da Coruña e Brión, Embaixada española de Caracas, Museo “Valle-Inclán”, SODIGA, Museo das Peregrinacións, Casinos de Vilagarcía e Ferrol, Caixa de Aforros de Ferrol, I.C. “El Brocense” (Cáceres), Deputación da Coruña ou Sociedade Liceo de Noia.

### **Selección das últimas exposicións**

2003: Sala da Asociación de Artistas Plásticos Galegos (Santiago).

2004: Galería “Alameda” (Vigo); XII Simposio Nacional de Acuarela (Santiago).

2005: *Homenaxe a Antonio Machín*, Galería “Auriol-Arte” (Santiago); *Homenaje a El Quijote* (Madrid e Culleredo); *O Mar*, Club Náutico (Sanxenxo); *O espírito de Mariñán*, Aula de Natureza “Juan Lembeye” (Culleredo); colectiva de Nadal, Club Financeiro Atlántico (A Coruña).

2006: *I Encontro coa Pintura e a Poesía* da Deputación da Coruña, Igrexa da Universidade (Santiago); *II Encontro coa Pintura e a Poesía* da Deputación da Coruña, Fundación “Luís Seoane” (A Coruña).

2007: *I Encontro coa Arte* do Concello de Brión, Hotel Balneario Compostela; *Mariñán 5x5* (Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Casa da Cultura de Porto do Son, Sociedade Liceo de Noia, Sala “Rey Lago” de Culleredo e Hotel Balneario Compostela de Brión); *Galiza. 5 visións*, Galería “Art&Fer Pur Créations” (París).

2008: *II Encontro coa Arte* do Concello de Brión, Hotel Balneario de Compostela; Sociedade “Liceo” (Noia).

Culleredo, 2 de marzo de 2009.

O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez